

**CORRECCIÓN DE ERRO: Bases reguladoras das bolsas de mobilidade STA e convocatoria 2025/26 (publicadas 16/06/2025)**

Advertido un erro no artigo 16.1 na páxina 8 das bases reguladoras das bolsas de mobilidade STA e convocatoria 2025/26, en virtude do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, cómpre facer a seguinte modificación:

Onde di:

“1. Os importes máximos das bolsas de aloxamento e mantemento dependerán do país de destino. Para o cálculo do importe, computaranse unicamente os días da estadía en que se desenvolvan as actividades formativas, e ata un máximo de 2 días de viaxe (ida e volta) ou 4 días no caso de realizar unha viaxe ecolóxica, sempre que eses días non coincidan co desenvolvemento da formación.

* Na seguinte táboa pódense consultar as cantidades máximas estipuladas por grupos de países.

Grupo	Países de destino	Importe máximo
A	Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Baixos e Suecia	120 €/día
B	Ilas Feroe, Reino Unido, Suíza, Andorra, Mónaco, San Mariño, e Estado da Cidade do Vaticano	190 €/día
C	Chipre, Chequia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Grecia, Letonia, Malta e Portugal	105 €/día
D	Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, Romanía, Serbia e Turquía	90 €/día

“

Debe dicir:

“1. Os importes máximos das bolsas de aloxamento e mantemento dependerán do país de destino. Para o cálculo do importe, computaranse unicamente os días da estadía en que se desenvolvan as actividades formativas, e ata un máximo de 2 días de viaxe (ida e volta) ou 4 días no caso de realizar unha viaxe ecolóxica, sempre que eses días non coincidan co desenvolvemento da formación.

* Na seguinte táboa pódense consultar as cantidades máximas estipuladas por grupos de países.



Grupo	Países de destino	Importe máximo
1	Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Baixos e Suecia	120 €/día
2	Chipre, Chequia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Grecia, Letonia, Malta e Portugal	105 €/día
3	Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, Romanía, Serbia e Turquía	90 €/día

A UDC non financia estadías en Ilas Feroe, Reino Unido, Suíza, Andorra, Mónaco, San Mariño e Estado da Cidade do Vaticano. Poderanse realizar mobilidades a estes países con bolsa cero sempre que se cumpran os demais requerimentos da convocatoria.”

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

Moisés Canle López